

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.<sup>a</sup>,  
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS  
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E  
SERVIZOS**

Día: 01.12.2016      Hora: 10:30

A Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 1 de decembro de 2016, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

- Punto 1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.**
- Punto 2. Preguntas orais en Comisión**
- 2.1 483 (10/POC-000024)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e 13 máis  
Sobre o estado de execución do acordo parlamentario referido ao establecemento dos mecanismos necesarios para a dispoñibilidade de estatísticas reais e desagregadas dos desafiuzamentos de vivenda habitual  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 7, do 04.11.2016*
- 2.2 644 (10/POC-000044)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón  
Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xestión co Goberno central para mellorar o servizo do eixo atlántico ferroviario e a súa opinión respecto das frecuencias e horarios actuais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 10.11.2016*
- 2.3 839 (10/POC-000089)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do posible impacto medioambiental do proxecto de instalación dun centro de xestión ambiental no concello de Lousame, as supostas medidas cautelares que permitirían a súa compatibilidade coa protección dos valores naturais da zona e as condicións exixidas á empresa promotora para a reposición do terreo ao remate do prazo, así como as súas garantías no caso de accidente  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16, do 17.11.2016*

- 2.4 861 (10/POC-000096)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Castiñeira Broz, Jaime e 4 máis  
Sobre os novos pasos que se van dar na elaboración e aplicación da guía de cor e materiais, segundo o convenio asinado polo Goberno galego co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. (Procedemento de urxencia)  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 10.11.2016*

**Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión**

- 3.1 352 (10/PNC-000001)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín  
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da continuación dos trámites necesarios para a construción do proxecto denominado "Saída sur ferroviaria da cidade de Vigo" co desvío do paso do tren polo centro do Porriño  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 03.11.2016*
- 3.2 789 (10/PNC-000066)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de instalación dun vertedoiro no concello de Lousame  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016*
- 3.3 929 (10/PNC-000082)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o establecemento dun novo modelo de mobilidade e seguridade viaria nas estradas de titularidade autonómica  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2016

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.<sup>a</sup>, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Vicepresidente

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

## **Vogais**

Silvestre José Balseiros Guinarte

P

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Raúl Fernández Fernández

S

Martín Fernández Prado

P

Antonio Mouriño Villar

P

Marta Nóvoa Iglesias

P

José Alberto Pazos Couñago

P

María Luisa Pierres López

S

**Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 01.12.2016                      Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

**Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 01.12.2016                      Hora: 10:30**

**Orde do día**

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.12.2016                      Hora: 10:30

Orde do día

2.1      483(10/POC-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 13 máis

Sobre o estado de execución do acordo parlamentario referido  
ao establecemento dos mecanismos necesarios para a  
dispoñibilidade de estatísticas reais e desagregadas dos  
desafiuzamentos de vivenda habitual

*Publicación da iniciativa, 7, 04.11.2016*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Manuel Lago Peñas, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal, Magdalena Barahona Martín, Juan José Merlo Lorenzo e Luca Chao Pérez,** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Na pasada lexislatura aprobouse, na Comisión 2.<sup>a</sup>, a iniciativa de AGE e por unanimidade, unha Proposición non de lei co seguinte texto: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que reitere ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e ao Consello Xeral do Poder Xudicial a necesidade de contar con estatísticas reais e desagregadas dos desafiuzamentos de vivenda habitual e que, en coordinación coa Xunta de Galicia e a Fegamp, estableza os mecanismos que o posibiliten”.

A razón desta iniciativa era coñecer realmente, e con que datos fiables, a dimensión do principal problema social que é a perda, por parte de centos de familias ao ano, da vivenda habitual.

Vimos de coñecer recentemente os datos de desafiuzamentos do segundo trimestre de 2016 e seguen sen desagregarse os datos de cales dos desafiuzamentos corresponden a vivenda habitual.



Por todo o exposto, o Grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o estado da posta en marcha efectiva da execución do acordo parlamentario referido a establecer os mecanismos necesarios para contar con estatísticas reais e desagregadas dos desafiuzamentos de vivenda habitual?

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 26/10/2016 13:22:03**

**Luis Villares Naveira na data 26/10/2016 13:22:16**

**Carmen Santos Queiruga na data 26/10/2016 13:22:24**

**Paula Vázquez Verao na data 26/10/2016 13:22:31**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/10/2016 13:22:36**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 26/10/2016 13:22:40**

**Eva Solla Fernández na data 26/10/2016 13:22:43**

**Luca Chao Pérez na data 26/10/2016 13:22:47**

**Paula Quinteiro Araújo na data 26/10/2016 13:22:55**



**Magdalena Barahona Martín na data 26/10/2016 13:29:07**

**José Manuel Lago Peñas na data 26/10/2016 13:29:12**

**Francisco Casal Vidal na data 26/10/2016 13:29:16**

**David Rodríguez Estévez na data 26/10/2016 13:29:20**

**Marcos Cal Ogando na data 26/10/2016 13:29:24**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/10/2016 13:30**  
**Nº Rexistro: 483**  
Data envío: 26/10/2016 13:30:27.386

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.12.2016                      Hora: 10:30

Orde do día

2.2        644(10/POC-000044)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dalgunha xestión co  
Goberno central para mellorar o servizo do eixo atlántico  
ferroviario e a súa opinión respecto das frecuencias e  
horarios actuais

*Publicación da iniciativa, 11, 10.11.2016*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García**, deputado do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A posta en marcha do Eixo Atlántico ferroviario, cunha mellora moi importante dos tempos de viaxe, ten levado a un incremento moi grande do número de viaxeiros. Ata tal punto, de que hai demanda por parte dos usuarios de que se incrementen as frecuencias e se amplíen e modifiquen os horarios e a capacidade dos trens.

O Eixo Atlántico conecta unha área que concentra máis da metade da poboación de Galiza e, ninguén nega, os efectos beneficiosos a moitos niveis que ten o incremento do uso do tren en detrimento do vehículo privado.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Está a Xunta de Galicia a facer algunha xestión co Goberno do Estado para mellorar o servizo do Eixo Atlántico?
- 2) Considera axeitadas as frecuencias e os horarios?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 03/11/2016 16:06:26**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/11/2016 16:30**  
**Nº Rexistro: 644**  
Data envío: 03/11/2016 16:10:27.451

**Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 01.12.2016                      Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3      839(10/POC-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do posible impacto medioambiental do proxecto de instalación dun centro de xestión ambiental no concello de Lousame, as supostas medidas cautelares que permitirían a súa compatibilidade coa protección dos valores naturais da zona e as condicións exixidas á empresa promotora para a reposición do terreo ao remate do prazo, así como as súas garantías no caso de accidente

*Publicación da iniciativa, 16, 17.11.2016*

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Patricia Vilán Lorenzo, Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En data 15 de setembro, publicábase no Diario Oficial de Galicia a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, promovida pola entidade “Gestora de Residuos del Noroeste, SL”, no concello de Lousame (A Coruña).

Como consecuencia desa solicitude e dentro da tramitación necesaria, a mediados de outubro o Concello de Lousame facía público un informe do arquitecto técnico municipal, recollendo parte das alegacións presentadas. Pois ben, nese informe fanse diversas consideracións sobre as carencias substanciais do proxecto, que é de supoñer que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio considerará e que a este grupo parlamentario lle preocupan enormemente.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o Goberno da Xunta de Galicia que este proxecto podería poñer en risco a saúde da conca hidrográfica que abastece directamente de auga a unha poboación de 15.000 persoas e a un entorno LIC incluído en Rede Natura 2000?
2. Entende o Goberno que o proxecto é incompatible co artigo 39 da Lei do solo de Galicia de 2016 (relativo ás augas e á alteración do relevo natural dos terreos)?
3. Pensa o Goberno que o vertedoiro proxectado vai supoñer un forte impacto visual na paisaxe?





Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

4. É certo que a nave proxectada excede da máxima altura permitida?
5. Que implicacións pode conlevar o proxecto sobre a fauna da zona?
6. Que efectos poderán ocasionar as escorrentías?
7. Entende o Goberno que este proxecto é medioambientalmente exemplar?
8. Cales son as supostas medidas cautelares que permitirán facer compatible a instalación do vertedoiro coa protección dos valores naturais da zona?
9. Cales son as condicións impostas á empresa para a reposición do terreo, unha vez esgotado o prazo?
10. Pensa o Goberno que a empresa solicitante ostenta a garantía suficiente (responsabilidade civil) para o caso -non desexado- dun futurible accidente?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Dolores Toja Suárez  
Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 07/11/2016 14:23:22**

**María Dolores Toja Suárez na data 07/11/2016 14:23:36**

**Raúl Fernández Fernández na data 07/11/2016 14:23:48**

**María Luisa Pierres López na data 07/11/2016 14:23:53**

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.12.2016                      Hora: 10:30

Orde do día

2.4        861(10/POC-000096)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 4 máis

Sobre os novos pasos que se van dar na elaboración e aplicación da guía de cor e materiais, segundo o convenio asinado polo Goberno galego co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. (Procedemento de urxencia)

*Publicación da iniciativa, 11, 10.11.2016*



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2016 16:50**  
**Nº Rexistro: 861**  
Data envío: 07/11/2016 16:50:40.668

### **Á Mesa do Parlamento**

**Jaime Castiñeira Broz, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias e Álvaro Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión polo trámite de urxencia**.

#### **Xustificación da urxencia:**

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de grande interese na nosa Comunidade Autónoma.

A Xunta de Galicia asinou en xuño un convenio co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para a elaboración dunha “Guía de cor e materiais” coa que se pretende dotar á Comunidade dunhas directrices técnicas, científicas e obxectivas para o emprego da cor e os materiais nos revestimentos arquitectónicos.

Os seis equipos de arquitectos que están traballando na elaboración da guía, conformados por case 40 profesionais, entregaron xa dous avances que inclúen o resultado do traballo de campo, que implicou a compilación de datos (fotografías, coordenadas, mostras de cor,...) e a elaboración dunha ficha para cada unha das preto de 3.800 edificacións analizadas, e un borrador de proposta.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales serán os seguintes pasos na elaboración e aplicación da Guía de cor e materiais?

Santiago de Compostela 7 de novembro de 2016

#### **Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 07/11/2016 16:47:03**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2016 16:50  
Nº Rexistro: 861**  
Data envío: 07/11/2016 16:50:40.668

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 07/11/2016 16:47:12**

**Martín Fernández Prado na data 07/11/2016 16:47:19**

**Marta Novoa Iglesias na data 07/11/2016 16:47:25**

**Álvaro Pérez López na data 07/11/2016 16:47:33**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 01.12.2016                      Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.        **Proposicións non de lei en Comisión**

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.12.2016                      Hora: 10:30

Orde do día

3.1        352(10/PNC-000001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da  
continuación dos trámites necesarios para a construción do  
proxeito denominado "Saída sur ferroviaria da cidade de Vigo"  
co desvío do paso do tren polo centro do Porriño

*Publicación da iniciativa, 6, 03.11.2016*

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

A coñecida como saída sur ferroviaria de Vigo, un proxecto de longa vida pública nos medios de comunicación dende fai mais de vinte anos, aparece incluída por primeira vez no Plan Estratéxico de Infraestruturas do Transporte (PEIT 2005 - 2020). Esta infraestrutura partiría dende a estación Vigo - Urzaiz, atravesando o subsolo de Vigo ata Sárdoma e dende alí a Porriño, é a mellor alternativa, para unir a saída norte actual (Eixo Atlántico) coa liña do Miño.

Aínda que a idea inicial de construír a saída sur partiu do sindicato UGT, e foi finalmente asumida polos grupos políticos maioritarios como un proxecto de futuro imprescindible para a cidade.

Fai máis dun ano, foi presentado un estudio técnico encargado polo Eixo Atlántico de municipios da Eurorregión. Este estudio contempla converter en pasante a estación de Vigo - Urzaiz, apostando pola saída sur ao considerala máis eficiente e barata tras examinar outras alternativas.

O accidente recentemente acaecido en Porriño ten posto de novo enriba da mesa o proxecto para construír un trazado de Vigo a Tui que eluda o centro de Porriño e converta en pasante a estación de Vigo - Urzaiz. Este proxecto suporía uns 240 millóns de euros, e permitiría a creación dunha masa crítica de mercado de pasaxeiros e mercadorías aproveitando os mais de 3,7 millóns de habitantes da Rexión Norte de Portugal.

Ademais, este novo trazado sacaría as vías ferroviarias do centro do núcleo urbano de Porriño, coa mellora que isto supón para os e as habitantes da zona. Unha histórica reivindicación do concello de Porriño.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Esta obra permitiría que Vigo deixara de ser una estación terminal para converterse en pasante, e outra vantaxe é que abriría a vía a unha posible conexión ferroviaria co porto na área de Bouzas. De feito, a actual estación de Vigo - Urzaiz deseñouse a 15 metros baixo terra sobre a anterior, o que permitirá que prosiga el túnel ata a Avenida de Madrid.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que demande ao Goberno de España, a continuación dos trámites administrativos e técnicos necesarios para afrontar a construción da coñecida como *Saída sur ferroviaria da cidade de Vigo*, que implique o desvío do paso do tren polo centro do Porriño.

Pazo do Parlamento, 21 de outubro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín M. Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/10/2016 13:33:38**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/10/2016 13:33:44**



Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 01.12.2016                      Hora: 10:30

Orde do día

3.2        789(10/PNC-000066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia  
en relación co proxecto de instalación dun vertedoiro no  
concello de Lousame

*Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2016 11:09**  
**Nº Rexistro: 789**  
Data envío: 07/11/2016 11:09:15.044

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao vertedoiro de Lousame.

O Diario Oficial de Galiza nº 176, do 15 de setembro pasado, publica o anuncio da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, S.L. no concello de Lousame (A Coruña).

Analizada a documentación sometida a información pública, logo nos decatamos de que a súa denominación como “centro de xestión ambiental”, non é mais que un eufemismo que agocha a verdadeira intención de instalar un macro vertedoiro nas inmediacións do Monte Culou.

Este macro vertedoiro que ocupará 20 hectáreas e que actuará asociado a SOGAMA, ten previsto recibir nos 10 anos de vida útil un total de 700.000 toneladas. Das 100.000 toneladas de residuos que acollería anualmente, o 80% (máis das 3/4 partes) rematará no vertedoiro.

Aínda que o proxecto insiste en que se trata dunha instalación de reciclaxe e aproveitamento dos materiais contidos nos residuos, a súa verdadeira función é a de



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2016 11:09**  
**Nº Rexistro: 789**  
Data envío: 07/11/2016 11:09:15.044

soterrar a maior parte do lixo no citado vertedoiro. Ademais, só un 10% aproximadamente dos residuos acollidos serían transformados en combustíbel para os fornos das cimenteiras, ou cando cadre, para unha nova incineradora como prevé o Plano de Residuos 2010-2020 da Xunta de Galiza.

É público e notorio que o BNG está por avanzar nun modelo de xestión dos residuos baseado nos 3Rs (redución, reutilización e reciclaxe) e no impulso da compostaxe, que supere o modelo de SOGAMA (por ineficaz, esgotado e contaminante) como ben demostra este intento de instalación dun novo vertedoiro.

Non comprendemos a teima en situar vertedoiros para soterrar lixo ( bombas ambientais ) en berces localizados nas cimas dos montes ou en penichairas que son recoleitas naturais de augas que no futuro carexan os xurros do lixo a correntes de auga que como neste caso bañan e alimentan zonas marisqueiras ou aproveitamentos de auga doce para consumo humano.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- Denegar o permiso pertinente da Consellería de Medio Ambiente.
- Paralizar o proxecto en Lousame ou en calquera outro punto da Comunidade Autónoma Galega.
- Mudar o sistema SOGAMA de tratamento de lixo tanto industrial coma urbano por ser un sistema anticuado, ineficaz e altamente contaminante, por unha



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2016 11:09  
Nº Rexistro: 789  
Data envío: 07/11/2016 11:09:15.044

nova política baseada na Redución, Reutilización e Reciclaxe, impulsando a compostaxe.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luís Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luís Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2016 11:07:29**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/11/2016 11:07:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2016 11:07:40**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2016 11:07:42**



**BNG**  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2016 11:09**  
**Nº Rexistro: 789**

Data envío: 07/11/2016 11:09:15.044

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2016 11:07:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2016 11:07:50**

**Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 01.12.2016                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.3      929(10/PNC-000082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego  
para o establecemento dun novo modelo de mobilidade e  
seguridade viaria nas estradas de titularidade autonómica

*Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016*



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Bará Torres e Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, relativa a un novo modelo de mobilidade e seguranza viaria nas estradas da Xunta de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Malia a tendencia xeral de descenso de número de accidentes e de vítimas nos últimos anos, desde o BNG entendemos que son aínda cifras insostíbeis polos seus custos humanos, sociais e económicos e que poden ser reducidas drasticamente se se cambia o modelo de mobilidade e se actúa con rigor en materia de seguranza viaria.

Ademais, nos últimos anos estase invertendo a tendencia decrecente e aumentan os accidentes con vítimas mortais, especialmente nas vías urbanas. Nos primeiros 9 meses do 2016 (xaneiro-setembro), produciuse un incremento do 17,2% das vítimas mortais.

Entre as causas desta situación cabe sinalar dúas:

-Rede viaria deseñada en función do automóbil, mal conservada, con moi poucos investimentos en seguranza viaria.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/11/2016 11:55  
Nº Rexistro: 929  
Data envío: 09/11/2016 11:55:28.767



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

-Contornas urbanas e interurbanas hostís, agresivas, perigosas, con absoluta primacía do automóbil sobre outras formas de mobilidade

2. A sinistralidade viaria ten custos moi elevados en termos humanos, económicos e sociais.

**-Cada ano prodúcense en Galiza unha media de 100 vítimas mortais e moitas máis que resultan feridas, con uns custos globais que superan os 1.000 millóns de euros anuais (arredor do 2% do PIB)**

- Como consecuencia dos elevados índices de sinistralidade, **os seguros de automóviles son máis caros en Galiza que no resto do Estado**: Pontevedra é a provincia máis cara de todo o Estado, un 60% máis da media (datos de 2015)

**3. Para facerlle fronte a esta dramática situación, o BNG propón un novo modelo que pasa por cambiar as prioridades, centrando os esforzos en 4 ámbitos**

- Cambio na xerarquía de prioridades, primando as formas de mobilidade máis vulnerábeis (e tamén máis saudábeis): 1º peonil; 2ª ciclista; 3ª transporte público; 4ª vehículo privado

- **Priorizar os investimentos en conservación da rede viaria actual e na mellora da seguranza viaria**, incluíndo medidas de pacificación e calmado de tráfico

- **Mellorar a accesibilidade nas beirarrúas e beiravías** (pensando nas persoas con diferentes discapacidades)





- Potenciar as **formas de mobilidade amábel e sustentábel**, principalmente a **mobilitade peonil e ciclista**

Complementariamente, cómpre potenciar o transporte por ferrocarril (especialmente o servizo de proximidade) e o transporte público.

En consecuencia, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a que impulse as seguintes actuacións para cambiar o modelo de mobilidade e facerlle fronte ás elevadas cifras de sinistralidade e de vítimas nas estradas:

1. Reclamar a transferencia das competencias en materia de Tráfico e seguranza viaria.

2. No marco da Lei de estradas de Galiza, elaborar e aprobar, no prazo máximo de seis meses, un plan sectorial de mobilidade sustentábel e de seguranza viaria que incluírá, entre outras, as seguintes actuacións:

- **Priorizaranse as necesidades dos sectores máis vulnerables:** 1º peón, 2º ciclista, 3º transporte público, 4º vehículo privado.
- Potenciarase unha **boa conservación do patrimonio viario** con rozas e limpeza de cunetas, mellora do firme, sinalización, balizamento e iluminación.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/11/2016 11:55**  
**Nº Rexistro: 929**  
Data envío: 09/11/2016 11:55:28.767



**BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Os proxectos de actuación en **tramos de concentración de accidentes serán prioritarios.**
- Fomentaranse as reducións de velocidade mediante sinalización e medidas de **calmado do tráfico.**
- Nos proxectos de (re)urbanización crearase un **espazo peonil continuo de seguridade** con beirarrúas de rasantes continuas, un largo mínimo de 2,50 metros e criterios de accesibilidade universal.”

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/11/2016 11:55  
Nº Rexistro: 929  
Data envío: 09/11/2016 11:55:28.767

**Olalla Rodil Fernández na data 09/11/2016 11:53:42**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/11/2016 11:53:48**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/11/2016 11:53:53**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/11/2016 11:53:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/11/2016 11:53:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/11/2016 11:54:02**